



Manual Básico Telefonía Fixa RCXG

v1.0



TELEFONÍA FIXA CORPORATIVA XUNTA DE GALICIA

INSTRUCCIÓN BÁSICAS TERMINAL MITEL 6865i



INICIAR CHAMADAS INTERNAS

As chamadas internas realízanse marcando 5 díxitos que se corresponden coas últimas 5 cifras do número público:






Ex.: o número público 981545400 ten a extensión interna 45400

INICIAR CHAMADAS EXTERNAS



Para iniciar unha chamada a un número externo (fixo o móbil) é necesario marcar primeiro **00** e logo o número externo completo.

Ex.: 00900815003




REMARCACIÓN

Pulse a tecla  unha vez para acceder á lista de números marcados recentemente. Utilice as teclas de navegación   para desprazarse polas entradas e a tecla  para volver a marcar o número seleccionado. Pulse dúas veces a tecla  para chamar ao último número marcado.

POÑER EN ESPERA UNHA CHAMADA E RECUPERAR UNHA CHAMADA



1. Para poñer unha chamada en espera, pulse a tecla  cando a chamada estea activa.
2. Para recuperar a chamada en espera, pulse a tecla  de novo ou pulse a tecla (**L1** o **L2**) correspondente á liña na que está retida a chamada (brilla intermitentemente).

TRASFERENCIA DE CHAMADAS

1. Cunha chamada en curso, pulse a tecla  para reter a chamada activa.
2. Marque o número da persoa á que desexa transferir a chamada (pode ser interno o externo).
3. Pulse a tecla  antes de que o receptor da chamada responda para realizar unha transferencia directamente ou espere a que este conteste e despois pulse a tecla  para completar a transferencia.

Nota: Para recuperar unha chamada retida pulse a tecla **L1** o **L2** que está brillando intermitentemente.

DESVÍO INTERNO DE CHAMADAS

1. Iniciar o desvío: marque ***21*nº extensión destino#** e pulse a tecla 
2. Cancelar o desvío: marque **#21#** e pulse a tecla 

*Ex.: Para desviar un terminal cara a extensión 45400, marque ***21*45400#** e pulse a tecla ►*

DESVÍO EXTERNO DE CHAMADAS

1. Iniciar o desvío: marque ***22#00** nº largo de destino# e pulse a tecla ►
2. Cancelar o desvío: marque **#22#** e pulse a tecla ►

*Ex.: Para desviar un terminal cara o número público 900815003, marque ***22#00900815003#** e pulse a tecla ►*

CAPTURA DIRECTA DUNHA CHAMADA

Cando nun terminal estea soando o timbre de chamada entrante, marque o número de extensión dese terminal e a continuación marque **8** para capturar a chamada.

RETROCHAMADA

Cando chame a una extensión que estea comunicando marque **6** para que lle avise cando remate a chamada e a extensión quede libre.

LISTA DE DESVÍOS

Para cada extensión é posible configurar ata cinco listas de números (internos ou externos) aos que desviar as chamadas entrantes. Para configurar as listas de desvíos debe contactar co Centro de Xestión de Rede.

1. Activar unha lista: marque ***10***nº de lista (1-5)# e pulse a tecla ►
2. Desactivar lista: **#10#** e pulse a tecla ►

*Ex.: Se unha extensión ten definida a lista de desvíos 1 para redirixir as chamadas entrantes aos números (45400, 00900815003). Para activar a lista 1, marque ***10*1#** e pulse a tecla ►. As chamadas entrantes desviaranse en primeiro lugar á extensión 45400, e se comunica ou non responde, as chamadas desviarase ao número externo 00900815003.*

BUZÓNS DE VOZ E LOCUCIÓNS

Para as extensións da rede están dispoñibles os servizos de buzón de voz e locucións. Para consultas sobre a configuración destes servizos debe contactar co Centro de Xestión de Rede nos teléfonos indicados neste documento.

CONFIGURACIÓN XEFE-SECRETARIA

Para todos os teléfonos instalados é posible realizar unha configuración Xefe-Secretaria de forma que as chamadas dirixidas ao terminal Xefe sexan redirixidas ao terminal Secretaria, podendo atender esta as chamadas e posteriormente, se o desexa, transferir a chamada ao terminal Xefe.

NÚMEROS DE TELÉFONO DE SERVIZO

981544243 ou 44243: Centro de Xestión de Rede Xunta de Galicia para consultas e solicitudes de servizo

45454: Teléfono de incidencias 24x7 para a Xunta de Galicia

900815003: Teléfono de incidencias 24x7 para a Xunta de Galicia